

EXERCICIOS II: (Unidade 1)

- 1.- Anota a IP e a MAC do equipo que utilizas na aula.
- 2.- Comproba a que categoría pertence a IP do teu equipo (A,B,C)
- 3.- Comproba e anota o servidor DNS ao que te conectas a través do teu equipo.
- 4.- Sinala o tipo de conexión en rede que empregan os equipos da aula.
- 5.- Busca en internet e cita exemplos de provedores ISP e TIER 1
- 6.- Busca e pon exemplos de servizos de cloud computing
- 7.- Sinala os navegadores instalados no teu computador. Cita o nome de outros navegadores.
- 8.- Explica en que consiste o crawling (rastrexo) e a indexación nos motores de busca.
- 9.- Diferenza entre buscadores tipo directorio e tipo índice.
- 10.- Fai unha busca na que apareza exactamente: **comercio dixital internacional**. Garda o resultado con unha captura de pantalla.
- 11.- Fai unha busca na que se amosen documentos pdf sobre comercio dixital internacional. Garda o resultado con captura de pantalla.
- 12.- Fai unha busca de páxinas que conteñan Galicia na súa URL. Garda o resultado con captura de pantalla.
- 13.- Sinala o dominio e o enderezo IP de:
 - Un periódico de Galicia.
 - Un organismo público galego.
 - Unha institución da UE
- 14.- Pon un exemplo de empresa que dispoña de EXTRANET. Intenta entrar. Fai una captura de pantalla co resultado.
- 15.- Comproba a dispoñibilidade e o prezo dun dominio que ti elixas.
- 16.- Sinala os diferentes tipos de licencias de software. Pon exemplos. (Busca na internet).
- 17.- Elixo provedores de internet e compara as características respecto da transferencia de datos que ofrece cada unha delas.
- 18.- ¿Que é a URL?